



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CARBALLO

*Aprobación da listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as e nomeamento do tribunal de técnico/a de Normalización Lingüística*

#### ANUNCIO

**Aprobación da listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as e nomeamento do Tribunal cualificador do proceso selectivo para a provisión dun funcionario/a de carreira nunha praza de Técnico/a de Normalización Lingüística, escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores, incluída na OEP do Concello de Carballo 2019 (OEP-01/19).**

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión 17/21 ordinaria celebrada en data luns 2 de agosto de 2021, aprobáronse as Bases específicas e convocatoria para a provisión dun/ha funcionario/a de carreira nunha praza de Técnico/a de Normalización Lingüística, escala administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores, incluída na OEP do Concello de Carballo para 2019. Por decreto da Alcaldía núm. 2158/2021, en data 23 de agosto de 2021, rectificábase o erro material detectado no Anexo I. Temario.

As bases e a convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 163, do 27/08/2021.

Por resolución da Alcaldía núm. 472/2022, do 17/02/2022, resolveuse aprobar a Listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as e nomeamento do Tribunal cualificador do proceso selectivo para a provisión dun funcionario/a de carreira nunha praza de Técnico/a de Normalización Lingüística, escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores, incluída na OEP do Concello de Carballo 2019 (OEP-01/19).

**Primeiro.**–Aprobar a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as (Anexo I) no proceso selectivo para a provisión dun/ha funcionario/a de carreira nunha praza de Técnico/a de Normalización Lingüística, escala administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores, Grupo A1.

**Segundo.**–Designar ao Tribunal cualificador previsto na Base Sétima das que regulan a convocatoria (Tribunal cualificador) que estará composto polos seguintes membros:

#### Presidente:

- Titular: D. Manuel Núñez Singala, director do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela.
- Suplente: D.<sup>a</sup> Isabel Vaquero Quintela, técnica do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela.

#### Vogais:

- Titular: D.<sup>a</sup> Carme Fernández Pérez-Sanjulián, profesora titular da Facultade de Filoloxía da Universidade de A Coruña.
- Suplente: D. Carlos Cayetano Vizcaíno Fernández, Profesor titular da Facultade de Filoloxía da Universidade de A Coruña (coordinador do Grao en Galego e Portugués).
- Titular: D.<sup>a</sup> María Inés Dorado Fernández, xefa de sección de Normalización Lingüística da Deputación de A Coruña.
- Suplente: D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Julia Ures Villar, Normalizadora Lingüística do Concello de Ponteceso.
- Titular: D.<sup>a</sup> Marisol Ríos Noia, técnica do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de A Coruña.
- Suplente: D.<sup>a</sup> Carmen del Río Rodríguez, Escala administración xeral, Subescala Técnica, Concello de Carballo.
- Titular: D.<sup>a</sup> Purificación Galán Bouteira, asesora/coordinadora dos Equipos de dinamización da Lingua galega, da Xefatura Territorial da Concellería de Cultura e Educación e Universidade na Coruña.
- Suplente: D.<sup>a</sup> María Álvarez Suárez, Escala administración xeral, Subescala Técnica, Concello de Carballo.

#### Secretaría/o:

- Titular: D.<sup>a</sup> Lorena Rey Paulos, Escala administración xeral, Subescala de Xestión, Concello de Carballo.

- Suplente: D.<sup>a</sup> María Luz Fernández Sandá, Escala administración xeral, Subescala Administrativa, Concello de Carballo.

Os membros do Tribunal poderán ser recusados nos termos establecidos polo artigo 69 da Lei 39/2015.

**Terceiro.**—De acordo coa base 7.4 das que regulan a convocatoria designar ao seguinte funcionario para que se incorpore como asesor especialista do Tribunal, nas labores relacionadas coas probas previstas na fase de oposición regulada na base 8.3 .

**Asesor especialista:**

- Titular: D. Juan Antonio Rey Rivas, funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional, Subescala Intervención-Tesorería.

**Cuarto.**—Convocar a todos os membros do tribunal para a valoración de méritos da fase de concurso que terá lugar o mércores día 02/03/2022, as 10.00 horas, no Salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Carballo.

**Quinto.**—Expoñer esta resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello e publicar a mesma no BOP da Coruña, e con carácter complementario na páxina web municipal [www.carballo.gal](http://www.carballo.gal).

**ANEXO I**

**Listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo para a provisión dun funcionario/a de carreira nunha praza de Técnico/a de Normalización Lingüística, escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores, incluída na OEP do Concello de Carballo 2019 (OEP-01/19).**

N.º	DNI	APELIDOS	NOME
1	***9684**	ALEXANDRE TEIXEIRO	PAULA
2	***5523**	FILLOY LÓPEZ	LUCÍA
3	***9954**	MÉNDEZ LÓPEZ	IVÁN
4	***3096**	MUIÑO NAVEIRA	SILVIA
5	***8451**	PEREIRO FELÍPEZ	MARÍA CARMEN
6	***8445**	PERNAS RUBAL	CRISTIAN
7	***9402**	REBOLO MAGARIÑOS	DAVID
8	***4352**	RE CAREY VARELA	SARA
9	***0696**	REI MARTIZ	ANTÍA
10	***2112**	SEOANE BOUZAS	MARÍA NURIA
11	***3008**	VIDAL BARRAL	XOSÉ MANUEL
12	***6276**	VILAR MILLÁN	PAULO

Carballo, 17 de febreiro de 2022.

O alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

2022/874